

Boas,

Primeiro, deixo o enlace do vídeo coa corrección dos exercicios da sesión do mércores 15 de abril e engado o que teredes que facer para a próxima semana.

<https://youtu.be/vgjdYr8Gx0g>

SESIÓN XOVES 16 ABRIL

Continuamos a aprender cousas sobre a empresa e publicidade. Por certo, sabedes que é a publicidade subliminal?

(isto tes que copialo no caderno....despois da ficha do anuncio)

↙ A PUBLICIDADE SUBLIMINAL é un tipo de publicidade que o espectador non pode ver a simple vista pero esperta o consumo e mobilidade do espectador nunha determinada dirección. É publicidade ilícita na maioría das veces pois ten a capacidade de introducir unha mensaxe oculta e os espectadores non darse conta.

(isto de abaixo xa non)

Aquí tedes un bo exemplo que se pode ver nun episodio de The Simpson.

<https://www.youtube.com/watch?v=UIZ3So9vcac>

A canción do anuncio publicitario, moi xuvenil e movido ten unha letra “rara” cunha mensaxe cuberta: *alístate a la marina ao revés*.

Como esta mensaxe subliminal e en anuncios televisivos reais, periódicos e distintas marcas...tamén hai mensaxes subliminais. Aquí tes varios exemplos:



EL SEÑOR DE LOS ANILLOS

Momento en que ensinan o anel e pode lerse “CocaCola”. 😊



COCHES FERRARI

Debido aos cambios legais para anunciar marcas de tabaco e alcohol en Europa, a marca Marlboro tivo que utilizar a súa imaxinación para cambiar o logotipo da marca e cambialo por un código de barras que deixaba intuír a marca de tabaco.

amazon.com[®]

AMAZON

Todos coñecemos Amazon, non? É unha compañía encargada de vender todo tipo de produtos e a moi bo prezo.

O seu novo logo contén unha mensaxe subliminal que indica que podes encontrar todos os produtos. Onde está a mensaxe subliminal? Nesa frecha amarela que vai do A ao Z debuxando, ao mesmo tempo, un gran sorriso.

Gustaríame que este días **buscaras un anuncio** en televisión, radio, internet, en prensa, en revistas, en películas...un anuncio que tivera **algunha mensaxe subliminal**. Podes enconralos simplemente buscando en google.

Podes enviarme ese anuncio nun correo electrónico (non é necesario enviar foto do escrito no caderno ou folla) contando esa mensaxe subliminal que sabes que existe. A ver, se entre todos, encontramos 5 anuncios, polo menos.

martasequeirocuarto@gmail.com

Marta 😊 😊 😊